

RESOLUCIÓN

Delegación de representación do Concello de Carballo na ECOXEM do Polígono de Carballo.

Expediente: 2025/U004/000086

Asunto: Designación de representante do Concello de Carballo no órgano de goberno da ECOXEM do Polígono de Carballo en Lois María Lamas Álvarez (concelleiro de Obras)

ANTECEDENTES DE FEITO

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria de data 26 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o acordo relativo á aprobación da «*Proposta de estatutos da Entidade de Conservación, Xestión e Modernización (ECOXEM), do polígono de Carballo*».

ECOXEM do Polígono de Carballo publicou no Boletín Oficial da Provincia do 19/06/2025, núm. 116, o dito acordo xunto cunha ligazón de consulta do contido íntegro dos seus estatutos aos efectos de exposición pública polo prazo dun mes, a contar desde o día da publicación do anuncio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

De acordo ao procedemento de constitución da ECOXEM, regulado no artigo 85 da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, nos seus estatutos deberá contemplarse necesariamente a participación na entidade dunha persoa representante do Concello de Carballo.

O artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) atribúelle ao alcalde a competencia para representar ao Concello.

A delegación de competencias específicas en calquera concelleiro ou concelleira por parte da Alcaldía regúlase nos artigos 23.4 da LRBRL e artigo 13 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Carballo (BOP número 174 do 12/09/2025).

Por todo o exposto, RESOLVO:

Primeiro.- Delegar no concelleiro Lois María Lamas Álvarez, concelleiro delegado da área de Obras, a atribución de representar ao Concello de Carballo no órgano de goberno da entidade ECOXEM do polígono de Carballo.

Segundo.- Notificar este decreto ao concelleiro indicado no prazo de dez días hábiles dende a súa data.

Terceiro.- Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios electrónico, de acordo co previsto no artigo 14.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Carballo.

Cuarto.- Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre consonte ao previsto na normativa vixente.

En Carballo, asinado dixitalmente na data sinalada á marxe

O alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

A secretaria
Marina Núñez Orjales